

ACTA CORRESPONDINTE A MESA DE CONTRATACIÓN PARA UN CONTRATO PRIVADO DE ARRENDAMIENTO NA SÚA MODALIDADE DE ALUGUER SOCIAL DE FINCA URBANA MUNICIPAL, MEDIANTE CONCURSO, PARA USO COMO VIVENDA NO TÉRMO MUNICIPAL DE PONTE CALDELAS.

Reunidos no Concello de Poio con data 4 de xullo de 2014 as 13 horas e quince minutos , se procede a constitución da mesa de contratación nomeada mediante providencia de Alcaldía de data 4 de xullo de 2014 , conforme a composición da mesma sinalada na cláusula 6ª do Prego de Cláusulas Administrativas que rexerá o procedemento de licitación.

Asisten as seguintes persoas:

Presidente: O Sr Alcalde, D.Perfecto Rodriguez Muiños.

Vogais: D.Jacobo Barreiro Pimentel, Secretario do Concello.
Dª.Maruxa Cabaleiro Cuiñas, Interventora del Concello.
Dª.Ana Mª Pazos Sánchez, Traballadora Social do Concello.
Dª.Eva Mª Moldes Casal, Educadora Social do Concello.

Secretaria:Dª.Elvira Crespo Casal, Administrativa dos Servizos Xerais do Concello.

Constituída a mesa se procede por a Secretaria da Mesa a apertura dos sobres A que contén o Modelo sinalado no Prego, Anexo I, referente os requisitos esixidos no Prego para formar parte do procedemento esixidos na cláusula 3 do mesmo.

Tamén se procede a outorgar un número a cada una das solicitudes en función do número de rexistro de entrada e que servirá para a elaboración da lista que será publicada na páxina web do Concello .

O exame da documentación da o seguinte resultado:

- 1) Licitador nº 1980- solicitude completa.
- 2) Licitador nº 2089- solicitude completa.
- 3) Licitador nº 2101- solicitude completa.
- 4) Licitador nº 2107- solicitude completa.
- 5) Licitador nº 2183- solicitude completa.
- 6) Licitador nº 2219- solicitude completa.

Unha vez comprobada a documentación por a mesa e admitindo a totalidade das ofertas presentadas se pon de manifesto que únicamente se presentou por os licitadores a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos pero non procederon a presentar a documentación correspondinte os meritos que servirán de base á valoración das ofertas e que figuraba na cláusula 5ª, mediante o modelo de declaración responsable que figuraba no Anexo II do Prego de Cláusulas Administrativas.

A mesa de contratación a vista de que o artigo 4.1.P do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Publico exclúe os contratos de arrendamento, doazón e permuta do ámbito de aplicación da devandita Lei precisando no seu apartado 2 que estos negocios ou contratos excluídos se regularán por a súa lexislación específica empregando os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagunas que puidesen xorder.

A vista de que o artigo 20 desta norma establece que os contratos privados se regularán por as súas normas e procedementos específicos.

A vista de que na cláusula 6ª establece a posibilidade de outorgar un prazo de 3 días hábiles para que se poidan subsanar erros na documentación presentada e a vista de que todos os licitadores incurriron no mesmo erro e de que non se vulneran os principios de os principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, salvagádaa da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa , e de que o erro se produxo por unha interpretación errónea do prego por os servizos xerais do Concello a hora de recoller as solicitudes de participación; esta mesa por unanimidade doas asistentes acorda:


Outorgar un prazo de 3 días hábiles para que procedan a subsanar a documentación presentada e se presente a documentación relativa os meritos que servirán de base á valoración das ofertas e que figuraba na cláusula 5ª, mediante o modelo de declaración responsable que figuraba no Anexo II do Prego de Cláusulas Administrativas.

En Ponte Caldelas a 7 de xullo de 2014

PRESIDENTE.



VOGAIS.



A SECRETARIA.

